

# COPLAS DE ENTROIDO

**1º**

Achegarvos aquí todos  
se queredes escoitare,  
chegamos os do Caselles  
podedes participare.

Tomiño está de festa  
non paramos de beillar,  
xa vimos cos nosos traxes  
comezamos a cantar.

No entroido de Tomiño  
podedes desfilar,  
facerlle algún encargo  
a estes artesáns,  
a estes artesáns,  
a estes artesáns.

No entroido de Tomiño  
podedes desfilar.

**2º**

Hai moita xente mirando  
que non nos entre o telele.  
Cos desfiles ensaiados  
todo o mundo se entreténhe

Vimos hoxe de artesáns,  
profesión que emprega as mans.  
Traballamos todo o ano  
día e noite sen parar.

No entroido de Tomiño  
podedes desfilar,  
facerlle algún encargo  
a estes artesáns,  
a estes artesáns,  
a estes artesáns.

No entroido de Tomiño  
podedes desfilar.

**3º**

Por iso agora pedimos  
Ter un recreo de máis  
Xa que hoxe estades aquí mestres

Terédesnos que escoitar

Con tanto exame que temos

É imposible aprobarse

E logo as nosas nais

Non nos deixan de rifare

No entroido de Tomiño

podedes desfilar,

facerlle algún encargo

a estes artesáns,

a estes artesáns,

a estes artesáns.

No entroido de Tomiño

podedes desfilar.

**4º**

Hoxe é o Carnavale

Pero temos moitas maisse,

Samaín, a Candeloria,

Magosto e tamén nadale

Non hai escola coma esta.

A mellore de Tomiño

Hoxe andamos de festa

Celebrando un entruidiño

No entroido de Tomiño

podedes desfilar,

facerlle algún encargo

a estes artesáns,

a estes artesáns,

a estes artesáns.

No entroido de Tomiño

podedes desfilar.

## 5º

Agora escoite alcaldesa  
Que tamén lle vai tocar  
Queremos un parque grande  
E non ir a Portugale

Cando chove no Caselles  
Dannos ganas de chorare  
Queremos patio cuberto  
Pa poder toma-lo aire

No entroido de Tomiño  
podedes desfilar,  
facerlle algún encargo  
a estes artesáns,  
a estes artesáns,  
a estes artesáns.

No entroido de Tomiño  
podedes desfilar.

## 6º

Agora escoite alcaldesa  
Ímosllo a repetire  
Queremos un parque grande  
E un patio pa nos cubrire

Ata aquí chegou por hoxe  
Toca dar a despedida  
Vémonos o ano que vénhe  
Nesta festa tan divertida.

No entroido de Tomiño  
podedes desfilar,  
facerlle algún encargo  
a estes artesáns,  
a estes artesáns,  
a estes artesáns.

No entroido de Tomiño  
podedes desfilar.